

INVENTIO

O espectáculo familiar *Inventio* encherá A Coruña de circo, maxia e danza no mes de xaneiro de 2023

Esta proposta escénica galega de gran formato inspirada no Camiño de Santiago chegará ao Teatro Colón da Coruña o venres 13 e o sábado 14 de xaneiro

Comedia, maxia, danza e artes circenses mestúranse neste espectáculo para todos os públicos que desde o pasado setembro está de xira por España e Portugal

Os billetes para as funcións da Coruña están desde hoxe, 7 de novembro, á venda a través da plataforma web entradas.ataquilla.com



Un momento do espectáculo *Inventio* © Vanessa Rábade

A Coruña, 7 de novembro de 2022.- O espectáculo *Inventio* chegará no mes de xaneiro de 2023 á Coruña para encher o Teatro Colón de circo, maxia e danza durante dous días. Esta proposta escénica de gran formato concibida para público familiar poderá verse na cidade herculina o venres 13, ás 20.00h, e o sábado 14 de xaneiro, en dobre función, ás 17.00 e ás 20.30h. Os billetes (a partir de 13€ máis gastos de xestión) están xa á venda desde esta mesma mañá na web entradas.ataquilla.com. Ademais, hai desconto para os usuarios do Carné Xove e os menores de dous anos non pagan sempre que non ocupen butaca.

CIRCO ILUSIONISMO DANZA MÚSICA

INVENTIO

Inventio é un espectáculo para todos os públicos que reborda humor, misterio e fantasía, e no que conviven a comedia e o drama, a danza, o ilusionismo e as artes circenses. Está concibido como un convite para gozar cos sentidos dunha historia onde o pasado e o futuro danse a man grazas á sucesión de números de maxia, levitacións, equilibrios, malabares, aéreos, audiovisuais e mais composicións de música tradicional galega fundidas con sons electrónicos. Cunha atmosfera máxica e unha posta en escena vangardista, *Inventio* recupera a paisaxe, os costumes, a música, a arte ou a arquitectura de Galicia nun espectáculo delicado e cegador, de busca e descubrimento. *Inventio* é un camiño de regreso á sensibilidade a partir da tradición e a modernidade.

Para materializar esta ambiciosa proposta escénica, *Inventio* conta cun numeroso equipo creativo e artístico formado por máis de 40 persoas, entre elas seis bailaríns e seis artistas circenses. Na dirección atópase o mago Martín Varela, que tamén exerce de guía do espectáculo. Como responsable da dramaturxia figura José L. Prieto e na dirección artística está Suso Montero. A dirección de maxia recae sobre os ilusionistas Fani Triana e Martín Camiña e a de circo en Jorge Miquel. A dirección musical leva o selo de José Trincado 'Triki' e o ballet e as coreografías son unha creación de Mercedes Suárez. Completan o equipo Alberto Casas no deseño de iluminación e Conchi Silvent na dirección de vestiario. *Inventio* é unha iniciativa da promotora galega Thinking Up Events, da Xunta de Galicia a través do programa Xacobeo 21-22 e mais da Fundación "la Caixa", e conta tamén co apoio de Sargadelos.

A HISTORIA

Ano 2094. O noso mundo é branco, aséptico, limpo, ordenado. O noso universo é frío e tan impersoal coma o quirófano dun hospital. Deixamos de sentir e de comunicarnos. Aterramos no futuro, si, pero perdemos a memoria e a emoción. Galicia. Último ano Xacobeo deste século XXI. Unha *troupe* formada por un ilusionista, seis bailaríns e seis artistas de circo comprobamos que xa non existe o Camiño de Santiago, que xa ninguén o lembra. Non quedan peregrinos nin un camiño que percorrer xuntos. Tampouco a auga ou a chuvia, o son das gaitas, o verde dos campos ou a pegada do mar na area. Nin pegada nin lembranza ningunha. Que era todo aquilo? Onde quedaron a viaxe, a busca e o descubrimento? Onde liscou a sensibilidade? Velaquí as preguntas que van guiar a esa *troupe* circense que teima nunha misión: reconstruír a súa identidade cultural. Sobre as táboas, os artistas vense envoltos nunha aventura sen igual. O pasado tócaos maxicamente e unha forza sobrenatural transformaraos.

CIRCO ILUSIONISMO DANZA MÚSICA

INVENTIO

Inventio nace co obxectivo de servir de vehículo de coñecemento e de divulgación do Camiño de Santiago e da cultura galega a través dunha historia de buscas e encontros, apta para público familiar e adulto. Trátase dun espectáculo que dota o noso patrimonio cultural dun enorme poder simbólico: tradicións nadas hai séculos que perduran hoxe, e que o fan enriquecidas e felizmente contaminadas doutras manifestacións artísticas, cunha ollada aberta que pon en valor o que nos constrúe e o que nos une.

Toda a información sobre a xira e o espectáculo está dispoñible no espazo web www.inventio.gal.

ENTRADAS A CORUÑA:

<https://entradas.ataquilla.com/ventaentradas/es/variados/teatro-colon/14818--inventio-un-viaje-a-lo-sensible.html>

Contacto de prensa INVENTIO

The Office Comunicación

Bea Pérez | 604 070 409 | bea@theofficeco.es

Luisa Castiñeira | 630 223 255 - luisa@theofficeco.es

Descarga de press kit online de *Inventio*:

<https://cutt.ly/Inventio>

(NP, dossier de prensa, logo y cartel, fotografías, vídeos y audios)

inventio.gal

#inventiotour